

RESUMO DO INFORME DE AVALIACIÓN DO

2005 ▣ 2007

3º PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE
OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E
HOMES DO CONCELLO DE VIGO



Edita:

Concellería de Igualdade Concello de Vigo. Febreiro 2009

Responsable:

D^a Iolanda Veloso Ríos
Concelleira delegada da área de Xuventude, Igualdade
e Normalización Lingüística

Traballo realizado por:

Avalia Grupo de Coordinación

Deseño e maquetación:

marujas creativas, s.l.

Imprime:



concellería
de **igualdade**
concello de vigo



Desde a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo temos o pracer de achegar o resumo do informe de avaliación do III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes. Este proceso de avaliación estaba contemplado no propio contido do Plan pero ademais consideramos oportuno que o produto resultante se puxese a disposición da cidadanía co obxecto de difundir as súas conclusións. Os anos que leva funcionando a Concellería de Igualdade (antes Concellería da Muller) do Concello de Vigo e a importancia dos movementos asociativos de mulleres da cidade permiten analizar as accións desenvolvidas e os seus resultados sabendo que detrás hai unha experiencia no traballo a prol da igualdade da que non dispoñen outras cidades ou vilas e da que poden tirar proveito para o traballo presente e futuro. Xa que logo, o obxectivo desta publicación é duplo: por unha banda, pararnos a avaliar o traballo realizado para encetar unha nova xeira aproveitando a experiencia pasada intentando evitar os erros e reforzar os acertos e, por outra banda, compartir co resto da sociedade, dentro e fóra da cidade, esta experiencia conscientes da responsabilidade que temos como cidade pioneira no traballo pola igualdade entre mulleres e homes.

Agardamos que o contido deste volume sexa enriquecedor para todas e todos e sirva para seguir camiñando cara a unha sociedade máis igualitaria e, polo tanto, máis xusta e democrática.

Iolanda Veloso Ríos

Concelleira delegada da área de Xuventude,
Igualdade e Normalización Lingüística



índice:



1. INTRODUCCIÓN	008
2. ASPECTOS METODOLÓXICOS	012
3. RESUMO DA IMPLEMENTACIÓN DO PLAN	016
4. ANÁLISE DOS DATOS	028
4.0. Marco Xeral de Intervención: Aplicación do Principio de Mainstreaming ...	029
4.0.1. Nivel de cumprimento: dificultades e apoios	029
4.0.2. Conclusións da Aplicación do Principio de Mainstreaming	033
4.1. Área 1: A Coeducación nas Institucións Educativas: Escola e Familia	035
4.1.1. Nivel de cumprimento: dificultades e apoios	035
4.1.2. Conclusións da Área Coeducación nas Institucións Educativas: Escola e Familia	045
4.2. Área 2: Conciliación: Familia e Corresponsabilidade doméstica	048
4.2.1. Nivel de cumprimento: dificultades e apoios	048
4.2.2. Conclusións da Área de Conciliación: Familia e Corresponsabilidade doméstica	054
4.3. Área 3: Promoción da Igualdade no Mercado Laboral	056
4.3.1. Nivel de cumprimento: dificultades e apoios	056
4.3.2. Conclusións da Área de Promoción da Igualdade no Mercado Laboral	064
4.4. Área 4: Promoción de hábitos de vida saudable	067
4.4.1. Nivel de cumprimento: dificultades e apoios	067
4.4.2. Conclusións da Área de promoción de hábitos de vida saudable ...	072
5. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS	076





introducción:

introdución:

Os Plans de Igualdade de Oportunidades son un compromiso institucional de previsión e coordinación dun conxunto de accións que teñen como obxectivo, promover as condicións para a consecución da igualdade real e efectiva de mulleres e homes, garantindo o seu acceso e participación nas diversas esferas e actividades sobre unha base igualitaria. O 3º Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes de Vigo contemplaba como estratexia de intervención a aplicación do principio de mainstreaming de xénero, entendida como a integración dos obxectivos das políticas específicas de igualdade de oportunidades nas políticas xerais. Esta estratexia ten como obxectivo instalarse de xeito permanente na práctica de intervención da Administración Local e a súa finalidade non só ten que ver con corrir os efectos da desigualdade e discriminación por razón de sexo, senón tamén coa mellora do funcionamento e eficacia das políticas públicas e das organizacións. Polo tanto trátase dunha intervención dirixida a promover cambios de criterios, de procesos e de resultados.

O Concello de Vigo destaca por ser pioneiro na creación dunha Concellería de Igualdade, a través da que ven realizando a intervención no campo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, impulsando a creación de servizos e recursos específicos dirixidos a combater a discriminación das mulleres, así como na elaboración e posta en marcha de tres plans de igualdade e dous de violencia de xénero.

O punto de partida do presente documento é a avaliación do 3º Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2005-2007 desenvolvido polo Concello de Vigo. A avaliación é unha parte imprescindible dun plan de igualdade, a necesidade da avaliación ven dada porque permite unha retroalimentación acerca do que se realizou e dos erros que se cometeron,



a fin de que se poidan ir subsanando, mellorando ou evitando en sucesivas ocasións. Neste sentido, a avaliación é un instrumento útil para mellorar as políticas e intervencións sociais, facéndoas máis eficaces e eficientes, máis idóneas e pertinentes.

A avaliación vai nos permitir coñecer a través de datos verificables que se fixo, cando se fixo, si resulta coherente cos obxectivos formulados, si as execucións promovidas se corresponden co deseño pactado e si os organismos responsables e persoas destinatarias son as que se contemplaba, analizando os obstáculos que impediron determinadas actuacións, para deste xeito afondar sobre cales son as accións máis efectivas e detectar as posibles lagoas de intervención. Dita avaliación permitirá modificar determinadas accións para os vindeiros anos, continuar coas que resultaron máis efectivas e poñer en marcha outras que se consideren de interese.

Este documento ofrece unha análise e reflexión sobre a execución do Plan co obxectivo de coñecer os efectos do desenvolvemento do mesmo, identificar disfuncións na súa execución e realizar propostas de corrección e mellora da calidade das intervencións.





aspectos
metodológicos:

aspectos metodol6xicos:

A avaliaci3n do 3º Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes ten como finalidade: Analizar o grao de consecuci3n e adecuaci3n das actividades 3s acci3ns e obxectivos enunciados na fase de deseño para coñecer os acertos e erros e poder tomar decisi3ns de cara a vindeiras planificaci3ns.

Para abordar a avaliaci3n que cont3n este informe seguimos catro fases de desenvolvemento que a continuaci3n expoñemos:

Unha primeira fase de busca de referencias documentais por parte do equipo avaliador, consultando e analizando diversas publicaci3ns relacionadas coa avaliaci3n desde a perspectiva de x3nero e sobre a aplicaci3n do mainstreaming de x3nero, as3 como diversos estudos sobre a situaci3n de homes e mulleres en Galicia.

Na segunda fase, pux3monos en contacto cos distintos Departamentos implicados no Plan: Igualdade, Emprego, Educaci3n, Servizos Sociais, Deportes, Persoal e o Proxecto Conta con Elas coa finalidade de recoller a m3xima informaci3n posible sobre as distintas acci3ns deseñadas. A informaci3n 3 que tivemos acceso foi moi variada e en moitos casos, a calidade da mesma non nos permitiu avaliar co adecuado rigor que ser3a desexable. A maior3a da informaci3n procede da Conceller3a de Igualdade na que se consultaron diversos materiais: memorias dos programas, memorias anuais, documentos de traballo, expedientes, documentaci3n sobre as subvenci3ns concedidas e as actividades realizadas, folletos informativos sobre as actividades, publicaci3ns realizadas as3 como enquisas de satisfacci3n dalgunhas das actividades desenvolvidas. Respecto da informaci3n recollida do Proxecto Conta con Elas, esta foi extra3da da memoria final e de reuni3ns coa coordinadora do Proxecto.



A terceira fase consistiu na recollida de datos primarios que proceden da información extraída das enquisas e/ou entrevistas administradas ás e aos distintos axentes implicados: Centros de Ensino, Asociacións de mulleres, Departamentos municipais involucrados no Plan, representantes dos tres grupos políticos da Corporación Municipal, traballadoras do Centro de Información á Muller, Técnica da Concellería de Igualdade e Coordinadora do Proxecto Conta con Elas.

Na cuarta fase, unha vez recompilados os datos, elabóranse os instrumentos para realizar o seu baleirado e faise un estudio e análise dos mesmos, organizando os materiais segundo as distintas áreas, tendo en conta a amplitude de campos que aborda e a calidade e utilidade dos datos recollidos. Unha vez organizado todo o material, o resultado é o presente documento estruturado en cinco capítulos que detallamos a continuación:

En primeiro lugar realizase un resumo da implementación da Aplicación do Mainstreaming de Xénero e das catro áreas que o compoñen. A continuación realizase un relatorio dos obxectivos e das accións deseñadas así como das actividades levadas a cabo para o seu cumprimento.

Posteriormente analízase a adecuación de ditas actividades ás accións e obxectivos formulados, o nivel de cumprimento, as dificultades e apoios existentes para desenvolvelas, as persoas destinatarias e a temporalización prevista. Por último elabóranse unhas conclusións sobre cada área e fórmulanse recomendacións que permitan levar a cabo as melloras necesarias.



Para finalizar establecemos unha serie de conclusións e de recomendacións xerais a ter en conta, que permitan incidir nos puntos máis débiles e fortes do proceso de implementación do Plan coa finalidade de incorporar as leccións aprendidas, tomar decisións sobre as mesmas e modificar aspectos concretos para un futuro Plan de Igualdade de Oportunidades.





resumo da
implementación
do plan:

resumo da implementación do plan:

O presente documento é un resumo do informe de avaliación externa realizada por Avalia Grupo de Coordinación a solicitude da Concellería de Igualdade sobre o 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2005-2007 do Concello de Vigo aprobado no Consello Municipal da Muller e ratificado pola Xunta de Goberno Local do día 10 de outubro do 2005. Trátase dunha avaliación final ou ex-post que ten como finalidade analizar a aplicación e consecución do Plan.

O 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Oportunidades entre Mulleres e Homes está estruturado nun Marco Xeral de Intervención: Aplicación do principio de Mainstreaming e catro áreas de intervención:

MARCO XERAL DE INTERVENCIÓN. APLICACIÓN DO PRINCIPIO DE MAINSTREAMING, que contempla a aplicación do principio de Mainstreaming en todos os ámbitos municipais de actuación e nos diferentes niveis de intervención.

- 1 - **ÁREA DE COEDUCACIÓN NAS INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS: ESCOLA E FAMILIA**, que ten como obxectivo xeral fomentar a educación en igualdade de oportunidades de nenas e nenos dende as institucións educativas, familia e sociedade en xeral.
- 2 - **ÁREA DE CONCILIACIÓN: FAMILIA E CORRESPONSABILIDADE DOMÉSTICA**, foi formulada co obxectivo de fomentar o equilibrio no reparto de responsabilidades familiares e traballo reprodutivo.
- 3 - **ÁREA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO MERCADO LABORAL**, na que se establece o obxectivo xeral de fomentar a participación equitativa de mulleres e homes no mercado laboral.



4 - **ÁREA DE PROMOCIÓN DE HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES**, recolle a necesidade de incidir na asunción de hábitos de vida saudables para unha mellora na calidade de vida por medio de información sobre saúde e xénero, e promover a participación activa das mulleres no deporte eliminando estereotipos por medio da aplicación de mecanismos que permitan acadar unha maior cota de responsabilidade das mulleres nas entidades deportivas.

Cada unha desta áreas están estruturadas en:

- Obxectivos Xerais
- Obxectivos Específicos
- Accións a desenvolver en función dos obxectivos propostos
- Temporalización
- Proceso de avaliación e indicadores para cada unha das actividades

ÁREAS	OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	Nº ACCIÓNS
Marco xeral. Aplicación do mainstreaming de xénero	Aplicar o principio de maistreaming en todos os ámbitos municipais de actuación e nos diferentes niveis de intervención	Impulsar a aplicación de políticas de igualdade no eido local	3
		Coñecer e analizar a realidade de Vigo a través de estudos, investigacións e convenios de colaboración con distintas entidades	2



ÁREAS	OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	Nº ACCIÓNS
A coeducación nas institucións educativas: escola e familia	Fomentar a educación en igualdade de oportunidades de nenos e nenas desde as institucións educativas, familia e sociedade en xeral	Asesorar a axentes educativos en materia de coeducación de nenas e nenos	3
		Promover a participación das familias no eido escolar para a súa orientación e formación en criterios de educación non sexista	3
		Favorecer e difundir a posta en marcha de actuacións educativas que promovan a igualdade entre xéneros	3
		Fomentar a igualdade nas relacións entre xéneros	8
		Promocionar traballos de investigación e a reflexión sobre as relacións entre xéneros	2
Conciliación: familia e corresponsabilidade doméstica	Fomentar o equilibrio no reparto de responsabilidades familiares e traballo reproductivo	Sensibilizar á poboación en xeral na necesidade e beneficios da conciliación da vida persoal, laboral e familiar	3
		Promover a adquisición e habilidades, coñecementos e actitudes en homes e mulleres, capacitando para o desenvolvemento de responsabilidades familiares e traballos propios do ámbito doméstico	1
		Dotar de maiores recursos ao Concello para a atención de menores e persoas dependentes	1
		Informar e asesorar á poboación en materia de conciliación da vida persoal, laboral e familiar: recursos, programas, lexislación	4



ÁREAS	OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	Nº ACCIÓNS
Promoción da Igualdade no mercado laboral	Fomentar a participación equitativa de mulleres e homes no mercado laboral	Coñecer a realidade do mercado laboral de Vigo con perspectiva de xénero	2
		Concienciar a persoal de entidades públicas e privadas que interveñen no mercado laboral da importancia de introducir o principio de igualdade	5
		Desenvolver accións positivas en institucións públicas e privadas do mercado laboral de Vigo para a eliminación das distintas formas de discriminación	5
Promoción de hábitos de vida saudables	Incidir na asunción de hábitos de vida saudables para unha mellora na calidade de vida por medio de información sobre saúde e xénero // Promover a participación activa das mulleres no deporte, eliminando estereotipos neste eido e por medio da aplicación de mecanismos que permitan acadar unha maior cota de responsabilidade das mulleres nas entidades deportivas	Informar a mulleres acerca da detección precoz de enfermidades prevalentes e problemas relacionados coa súa saúde	2
		Propoñer mecanismos que permitan acadar cotas de participación paritaria de mulleres e homes nas institucións deportivas e na práctica de deportes	1
		Establecer accións concretas que incidan na eliminación de estereotipos relacionados co xénero no ámbito deportivo	4

Táboa 1.
Estrutura do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Vigo 2005-2007



Si analizamos a táboa 1, o Plan contempla no seu deseño un obxectivo xeral para cada área, agás Promoción de Hábitos de Vida Saudable que formula dous, para cada un deles, establece distintos obxectivos específicos e diversas accións para a súa consecución.

Para o Marco Xeral: Aplicación do Mainstreaming de Xénero fórmulanse dous obxectivos específicos e cinco accións, na área de Coeducación nas Institucións Educativas: Escola e Familia, establécense catro obxectivos específicos e dezanove accións, se observamos o área de Conciliación: Familia e Corresponsabilidade doméstica nos atopamos con catro obxectivos específicos e nove accións deseñadas, para a área de Promoción da Igualdade no Mercado laboral foron formulados tres obxectivos específicos e doce actuacións, e para finalizar o área de Promoción de Hábitos de Vida Saudable presenta tres obxectivos específicos e sete accións para a súa consecución.

Como podemos observar, a área de Coeducación é a que presenta maior número de accións deseñadas, pensamos que é unha área de traballo coa máxima importancia, xa que a educación é un pilar básico da sociedade para a consecución da igualdade de oportunidades, pois dela depende, a sensibilización de toda a sociedade en temas de xénero e a adecuada formación das distintas institucións educativas, e que se manteñan uns estereotipos perpetuados durante séculos que forman parte dunha cultura patriarcal, ou dar lugar a unha nova concepción do xénero que parte da realidade social.

A segunda área que presenta maior número de accións deseñadas é Promoción da Igualdade no Mercado Laboral, por ser o eido laboral, onde as desigualdades son máis patentes a pesar da existencia dunha lexislación que o prohíbe expresamente, de aí a preocupación e esforzo da Administración a



favor da igualdade entre homes e mulleres, e a necesidade de sensibilización e implicación das e dos axentes económicos e sociais por detectar e erradicar as discriminacións no emprego e nas condicións de traballo.

A terceira área con maior número de accións deseñadas é a de Conciliación: Familia e Corresponsabilidade doméstica, para abordar este tema non basta con reformas legislativas senón que precisa da necesidade de promover servizos de atención ás persoas e require tamén de sensibilizar á sociedade sobre a necesidade de compartir responsabilidades como elemento esencial para compatibilizar a vida persoal, familiar e laboral.

Promoción de Hábitos de Vida Saudables é a penúltima área para a que se formulan máis accións, moitas delas tendentes a aumentar nas mulleres a conciencia sobre a propia saúde e potenciar os recursos persoais das mulleres, de xeito que lles permitan ocuparse da súa saúde e afrontar os problemas específicos en cada etapa da súa vida para incrementar o seu benestar e calidade do seu ciclo vital. Outras accións están destinadas a fomentar e incentivar o deporte entre as mulleres.

Por último a Aplicación do Mainstreaming de xénero é a que menor número de accións presenta no seu deseño. Consideramos que poñer en marcha esta estratexia é moi complexo, non só porque afecta ás diferentes fases da intervención pública, senón que tamén require da colaboración e consenso das e dos diversos axentes institucionais e sociais implicados na toma de decisións e no desenvolvemento técnico.

Finalmente compre destacar neste apartado, que durante o proceso de implementación, na área de Coeducación, Promoción do Mercado Laboral e aplicación do Mainstreaming de xénero, leváronse a cabo medidas que non



estaban contempladas no Plan, pero que xurdiron como efecto do mesmo e do seu desenvolvemento.

A continuación expoñemos a táboa do grado de cumprimento das accións do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades, non obstante, gustaríanos precisar, que o carácter xeral das accións ven dado pola pretensión de ser o marco a partir do cal os distintos organismos responsables teñen que deseñar as actividades concretas que van a realizar para o seu cumprimento e implica, na maioría das ocasións, que con unha acción poden desenvolverse numerosas actividades, son escasas as accións que se cumpren coa execución dunha soa actividade.

ÁREAS	ACCIÓNS DESENVOLVIDAS		ACCIÓNS NON DESENVOLVIDAS		TOTALS	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Marco xeral de intervención: aplicación do principio de mainstreaming	3	60%	2	40%	5	100%
A coeducación nas institucións educativas: escola e familia	15	79%	4	21%	19	100%
Conciliación: familia e corresponsabilidade doméstica	8	89%	1	11%	9	100%
Promoción da igualdade no mercado laboral	10	83%	2	17%	12	100%
Promoción de hábitos de vida saudables	7	100%	-	-	7	100%
Totais	43	82,6%	9	17,4%	52	100%

Táboa 2.

Grado de cumprimento das accións do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, durante o período 2005-2007.



O 3º Plan de Igualdade de Oportunidades contemplaba no seu deseño 52 accións a cumprimentar no período 2005-2007 nas distintas áreas de intervención, das que se desenvolveron o 82,6% delas, ás accións non desenvolvidas representan o 17,4%, o que nos indica que de cada dez accións, oito foron realizadas.

Se atendemos a súa implementación por áreas podemos dicir que a máis desenvolvida foi a de Promoción de Hábitos de Vida Saudable cun 100% de cumprimento, a segunda área máis desenvolvida foi a de Conciliación: Familia e Corresponsabilidade doméstica cun 89%, seguida pola de Promoción do Mercado Laboral cun 83% e a de Coeducación nas Institucións Educativas: Escola e Familia cun 79%. Pola contra o Marco Xeral de Intervención: Aplicación do Mainstreaming de Xénero tivo unha implementación do 60%.

Como podemos observar, da análise da táboa anterior despréndese que se actuou en todas as áreas, pero hai tres que destacan claramente, Promoción de Hábitos de Vida Saudables, Conciliación: Familia e Corresponsabilidade doméstica e Promoción da Igualdade no Mercado Laboral.






Gráfico 1
Evolución da execución das accións.

O gráfico 1 -evolución da execución das accións por anos-, amosa un aumento progresivo das accións desenvolvidas durante os tres anos de vixencia do Plan, representando no primeiro ano o 30,7% das accións, no segundo o 53,8% e no último o 73%, do que se desprende unha execución gradual do Plan.






Gráfico 2.
Participación dos Organismos Responsables na execución do 3º Plan

O gráfico 2, relativo á participación dos Organismos responsables do Plan na súa execución, sinala fundamentalmente á Concellería de Igualdade como Departamento responsable e executor da maioría das accións do Plan. Desde esta perspectiva, sinalamos como do total das accións encomendadas xestionou o 68%, seguida do Proxecto Conta con Elas que é responsable directo de 12 accións das que executa o 92%, e do Departamento de Educación (17 accións cun 12% de execución).



resumo da
análise
dos dados:



resumo da análise dos datos:

4.0. MARCO XERAL DE INTERVENCIÓN: APLICACIÓN DO PRINCIPIO DE MAINSTREAMING

4.0.1. Nivel de cumprimento: dificultades e apoios

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS	ACTIVIDADES
Impulsar a aplicación de políticas de igualdade no eido local	Creación do departamento de Igualdade de Oportunidades adscrito á Concellería de Muller	Non foi realizada
	Creación do Observatorio da Igualdade	Non foi realizada
	Incorporación aos temarios de oposicións de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo de temas específicos de Igualdade de Oportunidades	- Temario oposición de Policía Local - Temario oposición Traballo Social
Coñecer a realidade de Vigo a través de estudos, investigacións e convenios de colaboración con distintas entidades	Realización de estudos con perspectiva de xénero	A linguaxe sexista na Administración Local
	Colaboración con outros departamentos e institucións para impulsar a elaboración de estudos con perspectiva de xénero	- As traballadoras do Grupo de Empresas Álvarez desde os seus comezos ata o peche - As traballadoras nas industrias na área metropolitana de Vigo - Mainstreaming Institucional e de xénero nos concellos da Área Intermunicipal de Vigo

Táboa 4.

Execución do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes no Marco Xeral de Intervención: Aplicación do Principio de Mainstreaming de Xénero.



O 3º Plan de Igualdade de Oportunidades formulaba un obxectivo xeral e dous obxectivos específicos para este marco de intervención, para os que propón cinco accións. Para o primeiro obxectivo¹, deseñáronse tres accións, das que as dúas primeiras -creación do Departamento de Igualdade de Oportunidades adscrito á Concellería da Muller e Creación do Observatorio para a Igualdade- non foron levadas a cabo, non obstante, queremos comentar que aínda que non foi creado dito Departamento, desde febreiro do 2007 ata o primeiro trimestre do 2008 a Concellería de Igualdade realizou un contrato coa Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega (APAIOGA) para levar a cabo accións de Mainstreaming.

Sobre a *incorporación aos temarios de oposicións de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo de temas específicos de Igualdade de Oportunidades*, dicir que nos temarios de oposicións para a Policía Local e Traballo Social² foron incluídos temas de igualdade de oportunidades. Non obstante compre matizar, que si temos en conta a cantidade de prazas convocadas (131) tan só para 28 delas foron incorporados temas de igualdade de oportunidades, o que nos está a indicar que de cada 21 prazas, unha incluía temas de igualdade de oportunidades.

Da análise anterior podemos concluír que das tres accións deseñadas só unha foi executada, a incorporación de temas de igualdade de oportunidades no temarios de oposicións, e como se comenta anteriormente, non presenta o índice de desenvolvemento desexado. O que nos permite afirmar o non cumprimento deste obxectivo.

Para a consecución do segundo obxectivo específico³, foron deseñadas dúas accións, a *elaboración de estudos con perspectiva de xénero e colaboración*

¹ Impulsar a aplicación de políticas de Igualdade no eido local

² Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo do ano 2005 e publicada en maio de 2006

³ Coñecer e analizar a realidade de Vigo a través de estudos, investigacións e convenios de colaboración con distintas entidades



con outros departamentos e institucións para impulsar a elaboración de estudos con perspectiva de xénero. Respecto da primeira, a Concellería de Igualdade realizou unha investigación sobre a linguaxe sexista no Concello de Vigo. A segunda foi levada a cabo mediante a publicación de dúas investigacións sobre as traballadoras do Grupo de Empresas Álvarez e as traballadoras nas industrias na área Metropolitana de Vigo realizadas pola FIGA a través dun convenio coa Concellería de Igualdade. A terceira publicación, foi o estudo realizado polo Proxecto Conta con Elas sobre Mainstreaming Institucional e de Xénero nos concellos da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo nas áreas de emprego, formación, políticas sociais e muller tivo como finalidade analizar a situación dos Concellos de MAIV, respecto da aplicación transversal da perspectiva de xénero.

Cómpre destacar, que neste marco xeral de intervención, durante o seu proceso de implementación leváronse a cabo varias accións que non estaban contempladas, pero que xurdiron como efecto do seu desenvolvemento. A primeira foi a realización de dous cursos sobre igualdade de oportunidades na Administración Local dirixidas ao persoal municipal, que obtiveron unha avaliación moi positiva das persoas participantes, destacándose a satisfacción polos coñecementos adquiridos e a súa posterior utilidade nas súas actividades profesionais. Como puidemos observar ambos cursos tiveron unha baixa participación, pensamos que sen a implicación do persoal municipal, a transversalidade de xénero continuará sendo un ideal aínda lonxe e sen repercusión na política local. A segunda acción, foi a inclusión nas bases de convocatorias de subvencións a utilización dunha imaxe e linguaxe non sexista nin estereotipada de mulleres e homes.



Finalmente, resaltar a designación de mulleres en postos de xefatura de libre designación nos Departamentos de Seguridade, Tráfico, Persoal e Patrimonio Histórico, como xeito de contribuír a rachar co chamado teito de cristal que impide ás mulleres acadar as metas profesionais para as que están preparadas, teito que parece invisible, pero que as estatísticas nos están a demostrar que existe e cuxo resultado é, a case inexistencia de mulleres nos altos cargos de responsabilidade.

Tendo en conta a información exposta anteriormente, podemos observar que as actividades executadas resultan adecuadas ás accións deseñadas, cada unha delas dende a súa particular perspectiva contribúe ao logro do obxectivo formulado.




Gráfico 2.
Implementación da aplicación do principio de Mainstreaming

Para concluír, afirmar que o Marco Xeral de Intervención: Aplicación do Mainstreaming de xénero é o que menor grao de implementación presenta, xa que das cinco accións formuladas, só tres foron realizadas, o que representa o 60% de cumprimento.



A aplicación do Mainstreaming de xénero depende en gran medida da existencia da necesidade de concienciación da súa aplicación, e para que esta conciencia exista, é fundamental partir de procesos de sensibilización que visibilicen a persistencia de desequilibrios de xénero, tendo en conta que ditos procesos parten, da toma de posición a nivel individual e persoal, e precisan ademais, da existencia dun firme compromiso que garanta a súa aplicación, e dito compromiso só será posible, se previamente se da esa toma de conciencia. Polo que debe existir un acordo explícito do órgano superior de toma de decisións da Administración Local, porque de non ser así, as garantías de iniciar e desenvolver este proceso de cambio non son moi fiables, como podemos observar na súa aplicación neste Concello.

4.0.2. Conclusións do Marco Xeral de Intervención: Aplicación do Principio de Mainstreaming de Xénero

O Marco Xeral de Intervención: Aplicación do principio de Mainstreaming, tiña como finalidade impulsar a aplicación de políticas de igualdade no eido local, así como coñecer e analizar a realidade da nosa cidade a través de estudos e investigacións en colaboración con distintas entidades. Unha vez analizada a súa implementación, queremos establecer unha serie de conclusións sobre as distintas accións e actividades realizadas.

- Para impulsar a aplicación de políticas de igualdade no eido local estaba prevista a creación dun Departamento de Igualdade de Oportunidades adscrito á Concellería de Igualdade, e a creación dun Observatorio para a Igualdade. Ningunha das dúas accións foron levadas a cabo, accións imprescindibles para a aplicación do mainstreaming de xénero



na administración. O Departamento de Igualdade de Oportunidades sería o organismo encargado de elaborar propostas para a corrección das discriminacións existentes, de formar e asesorar ao persoal político e técnico en materia de igualdade de oportunidades, da xestión e seguimento do Plan de Igualdade de Oportunidades, etc, para conseguir unha incidencia directa nas tarefas de planificación e xestión pública. A existencia de órganos que se ocupen de facilitar a información e coñecemento da realidade aos diferentes departamentos, é de gran utilidade e garante unha adecuada coordinación e cooperación interdepartamental na aplicación da igualdade de oportunidades a nivel municipal.

- Respecto da incorporación nos temarios de oposición del persoal funcionario e laboral do Concello temas específicos de igualdade de oportunidades, parécenos que é unha medida tendente a garantir un adecuado tratamento da igualdade de oportunidades nos procesos de selección, non obstante, resaltar que sería desexable que estes contidos foran incorporados a todas as prazas convocadas.
- Outro dos elementos esenciais para poder desenvolver a estratexia do mainstreaming de xénero consiste en ter coñecemento da realidade. As mulleres, as súas necesidades, intereses e realidade foron invisibles durante moito tempo para as políticas públicas. Neste apartado queremos incidir que a elaboración de estudos de xénero é unha das bases máis importantes do mainstreaming, porque son un instrumento fundamental para detectar os problemas e dificultades actuais en calquera campo, e nos axuda a ter un maior coñecemento dos mecanismos que producen as relacións entre xéneros.



- Mencionar tamén, a necesidade de incidir na mellora da formación, capacitación e sensibilización do persoal municipal, en relación coas políticas de igualdade de oportunidades e a integración da perspectiva de xénero na súa actividade cotiá.

4.1. A COEDUCACIÓN NAS INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS: ESCOLA E FAMILIA

4.1.1. Nivel de cumprimento dos obxectivos: dificultades e apoios

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS	ACTIVIDADES
Asesorar a axentes educativos en materia de coeducación de nena e nenos	Desenvolvemento de obradoiros de coeducación	- Na escola en igualdade - Se empatas, gañas - Charlas: Igualdade entre os sexos
	Programa de eliminación de estereotipos sexistas na Orientación Profesional	- Cambiando os guións. Eu tamén quero ser - Bus da Igualdade
	Edición dunha guía para a selección sen criterios sexistas de materiais didácticos e lúdicos	- Elixe ben os xoguetes. Merca menos e escolle mellor - Guía para as familias: o xogo e o xoguete na primeira infancia - Isto no é un xogo. Escolle xoguetes non sexistas
Promover a participación das familias no eido escolar para a súa orientación e formación en criterios de educación non sexista	Módulos de educación en igualdade	- Cidadanía, dereitos civís e violencia - Igualdade de Oportunidades
	Xornadas de educación en Igualdade	- Xestionar a igualdade para previr a violencia
	Actuacións orientadas á maior participación de nais e pais nas ANPAS	- Xestión participativa para ANPAS - Habilidades para a vida - O Ocio e o xoguete - Técnicas de resolución de conflitos



OBJECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS	ACTIVIDADES
Favorecer e difundir a posta en marcha de actuacións educativas que promovan a igualdade entre sexos	Incentivos para promover accións e/ou programas en igualdade de oportunidades e a eliminación de elementos de discriminación sexista	- Programa de incentivos Colle a onda a igualdade
	Concurso para o deseño de logotipos que identifique as empresas e servizos de calidade en igualdade	Non foi realizada
	Difusión destas accións a través dos medios de comunicación	- Notas prensa, cuñas radios, Televisgo, bus urbano, web,e-mail, cartas
Fomentar a igualdade nas relacións entre xéneros	Programa A igualdade entre xéneros no ámbito educativo	-Camiña con nós pola igualdade
	Edicións de unidades didácticas en prol da igualdade para os centros educativos	- Con nome de muller - Corresponsabilidade: o traballo e as responsabilidades domésticas e familiares - Dálle unha volta ós xoguetes - Educar en Igualdade
	Espazo web con xogos e actividades que fomenten a igualdade de xéneros	- Web Concellería - Web Proxecto Conta con Elas
	Olimpiada pola igualdade	Non foi realizada
	Difusión da guía 1h/2=1/2h de tempo propio que sumamos en = con medidas prácticas de conciliación	- Rebélate, estás na idade. Guía para a corresponsabilidade ESO
	Obradoiro de habilidades de comportamento asertivo dentro da programación de actividades extraescolares	Non foi realizada
	Obradoiros de educación afectivo sexual	-Programa relacións respectuosas sen xénero de dúbidas
	Creación e mantemento dun espazo de igualdade nas bibliotecas públicas	Non foi realizada



OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS	ACTIVIDADES
Promocionar traballos de investigación e reflexión sobre as relacións entre os xéneros	Edición do concurso "Visibilización da muller no ámbito público"	I Concurso
	Edición do concurso "Visibilización do home no ámbito privado"	I Concurso

Táboa 5.
Execución do 3º Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes no área de Coeducación nas institucións educativas: Escola e Familia.

O 3º Plan de Igualdade de Oportunidades formulaba cinco obxectivos específicos nesta área, para os que se propoñen unha serie de accións que son desenvolvidas en varias actividades.

Como podemos observar na táboa 5 para o primeiro obxectivo⁴, presenta tres accións deseñadas que foron desenvolvidas a través de diversas actividades dirixidas a asesorar aos axentes educativos en materia de igualdade de oportunidades.

A primeira acción, *Desenvolvemento de obradoiros de coeducación*, foi executada mediante dous programas educativos e charlas en sete IES, o que nos permite afirmar que no 60% dos Centros de Ensino Público de Vigo impartíronse obradoiros de coeducación dirixido ao alumnado. Aínda que non se rexistraron o número total de obradoiros desenvolvidos, podemos asegurar que durante a vixencia do Plan como mínimo impartíronse 447 horas en formar ao alumnado en igualdade de oportunidades. Unha parte importante destes obradoiros foron levados a cabo pola Concellería de Educación, aínda que non presentan a continuidade e estabilidade deseñada.

⁴ Asesorar a axentes educativos en materia de coeducación de nenos e nenas



Respecto á segunda acción, *Programa de eliminación de estereotipos sexistas na orientación profesional*, empregáronse trinta e seis horas na formación do alumnado de 3º e 4º da ESO e visitaron o Bus da Igualdade 1.481 alumnas e alumnos, non podemos aportar datos dos días e horas que o Bus da igualdade levou a cabo a súa actividade nos Centros de Ensino. Temos que comentar que esta actividade realizada polo Proxecto Conta con Elas non estaba formulada como un programa, non obstante consideramos que pode concibirse como tal, xa que se trata dunha serie de actividades específicas ordenadas secuencialmente no tempo coa finalidade de obter uns resultados preestablecidos como é a eliminación dos estereotipos sexistas á hora da elección profesional. Esta acción contemplaba como poboación destinataria ás e aos profesionais de orientación dos Centros, non obstante, a poboación efectiva foi o alumnado. Para levar a cabo estas dúas actividades, a Concellería de Igualdade contou durante os anos 2006 e 2007 coa colaboración do Proxecto Conta con Elas.

En relación coa *guía para a selección sen criterios sexistas de materiais didácticos e lúdicos*, a Concellería de Igualdade editou durante a vixencia do Plan tres guías, aproveitando o Nadal, con recomendacións para orientar na elección dos xoguetes adecuados e non sexistas. Consideramos que coa publicación destas guías, superouse a previsión establecida no Plan para esta acción, adecuándose perfectamente á poboación destinataria e superando amplamente á temporalización prevista.

Da análise anterior podemos concluír que se observa un alto grao de consecución deste obxectivo, xa que todas as accións deseñadas foron desenvolvidas mediante diversas actividades que se adecuaban perfectamente ás mesmas.



Para a consecución do segundo obxectivo⁵, deseñáronse tres accións, a primeira, *módulos de educación para a igualdade* foi desenvolvida mediante dúas actividades, empregándose un total de 22 horas de formación. O Plan contemplaba que esta acción estivera dirixida ás persoas asistentes aos cursos de corresponsabilidade, non obstante, considerouse máis oportuno ampliar a poboación destinataria, xa que este colectivo, se beneficiará desta formación nalgunha das actividades realizadas na área de Conciliación: Familia e Corresponsabilidade doméstica, xa que a conciliación e corresponsabilidade está intimamente relacionada coa igualdade de oportunidades. O desenvolvemento desta acción non se axustou á temporalización prevista no Plan.

Respecto á segunda acción, *xornadas de educación en igualdade*, desenvolvida mediante as xornadas organizadas pola Concellería de Igualdade e dirixida ás ANPAS, nas que se investiron 5 horas de formación. Consideramos que é importante destinar actividades formativas a nais e pais como xeito de dar unha adecuada continuidade nas familias ás accións realizada a nivel escolar, polo que sería aconsellable incrementar o número de horas en formar a este colectivo.

Por último a terceira acción, *actuacións orientadas a maior participación dos pais nas ANPAS*, realizada a través de diversas actividades formativas das que podemos afirmar, que se realizaron 37 horas de formación, como xeito de mellorar a súa organización e funcionamento, fomentar a comunicación, a escoita, a resolución de conflitos e potenciar relacións humanas adecuadas. Se examinamos a temporalización prevista no Plan temos que manifestar que non se axusta ao establecido, xa que estaba prevista para os cursos

⁵ Promover a participación das familias no eido escolar para a súa orientación e formación en criterios de educación non sexista



escolares 2005/2006 e 2006/007, non obstante, só foi realizada no último. O desenvolvemento destas accións foi levada a cabo pola Concellería de Educación.

Unha vez analizado o nivel de correspondencia das actividades realizadas coas accións deseñadas, coa poboación destinataria e temporalización prevista, podemos afirmar que o obxectivo cumprimentouse satisfactoriamente.

No terceiro obxectivo⁶, contemplábanse tres accións. *Incentivos para promover accións e/ou programas en igualdade de oportunidades e eliminación de elementos de discriminación sexista*, é a primeira das accións, con este mesmo nome denominouse a actividade. Compre destacar que no ano 2006/2007 o premio quedou deserto por non presentarse ningún Centro educativo, na convocatoria 2007/2008, foron catro os Centros participantes. Esta acción presenta un baixo grado de participación, xa que debido ao número de Centros existentes na cidade debería ser maior a participación.

Con respecto á segunda acción planificada, *concurso para o deseño dun logotipo que identifique as empresas e servizos con calidade en igualdade*, non temos constancia que fora levada a cabo.

Para a última acción deseñada, a *difusión destas accións a través dos medios de comunicación*, podemos constatar que todas as actividades realizadas foron difundidas en diversos medios de comunicación así como mediante diversos soportes informativos, axustándose á temporalización prevista. Os organismos responsables de levar a cabo estas accións foron a Concellería de Igualdade e o Proxecto Conta con Elas.

⁶ Favorecer e difundir a posta en marcha de actuacións educativas que promovan a igualdade entre xéneros



Parécenos importante destacar tres actividades desenvolvidas nos anos 2006 e 2007 polo Proxecto Conta con Elas e dirixidas á comunidade educativa, que poden ser incluídas perfectamente neste obxectivo e non responden a ningunha das accións deseñadas no Plan, como son as xornadas *Xestionar a Igualdade para previr a Violencia*, *Novos enfoques da educación desde a perspectiva de igualdade de xénero* e *A transversalidade de xénero no ámbito educativo*, dirixidas ao profesorado e nas que se trataron contidos sobre as políticas de igualdade e a transversalidade de xénero como instrumento da educación e accións positivas en educación.

Para finalizar, comentar que se observa un grado aceptable de cumprimento, pois da comparación entre as accións deseñadas e as actividades efectuadas se deriva que todas, excepto unha, foron realizadas no desenvolvemento desta área, adecuándose á poboación destinataria e a temporalización prevista.

Para a consecución do cuarto obxectivo⁷, contemplábanse oito accións para o seu desenvolvemento, o *Programa A igualdade entre xéneros no ámbito educativo* foi realizado co nome de *Camiña con nos pola igualdade*, é sen dúbida, pola súa extensión, estrutura, contidos, metodoloxía e cobertura a acción máis importante. Foi levado a cabo con gran estabilidade durante o período de vixencia do Plan, presentando un gran incremento de participación a partir do primeiro curso. As actividades e o material didáctico empregado foi deseñado pola Concellería de Igualdade, a metodoloxía e contidos están adaptados as idades do alumnado. Mediante a consulta de diversos documentos puidemos constatar que o programa foi valorado moi positivamente polo profesorado e alumnado. A Concellería de Igualdade puido levar a cabo esta actividade mediante o apoio do Programa Labora: Xuventude con experiencia e o Programa de Cooperación da Xunta de Galicia.

⁷ Fomentar a igualdade nas relacións entre sexos



A acción edición de unidades didácticas en prol da igualdade para os centros educativos foi altamente cuberta, xa durante a vixencia do Plan foron editadas seis unidades didácticas, tres a Concellería de Igualdade e tres o Proxecto Conta con Elas, todas elas coa finalidade de fomentar a igualdade nos Centros de ensino. É preciso resaltar que no deseño do Plan contemplábase como poboación destinataria ao alumnado dos Centros educativos, non obstante, editáronse tamén dúas guías dirixidas ao profesorado. A gran cobertura desta acción queda patente na cantidade de publicacións realizadas.

O espazo web con xogos e actividades que fomenten a igualdade de xéneros, foi implementada pola Concellería da Muller e o Proxecto Conta con Elas, da análise das súas páxinas web se desprende que ambas teñen un deseño útil, sinxelo e colorista que contén actividades e publicacións que teñen como obxectivo fomentar a igualdade entre os xéneros, entre os que podemos destacar os xogos: Planeta da Igualdade, Puzzle e Memory da Concellería da Muller e A igualdade non é un xogo, os contos Imaxina e comparte máis e Carrapuchiña vermella do Proxecto Conta con Elas.

Sobre a acción, *Olimpiada pola Igualdade* concibida para a participación de nenas e nenos dos distintos centros educativos mediante a realización de xogos onde prime a cooperación, solidariedade e empatía, non temos constancia de que fora levada a cabo.

Con respecto á *Difusión dunha guía 1 hora/2=1/2 hora de tempo propio e sumamos en= con medidas prácticas para a conciliación*, foi elaborada pola Concellería de Igualdade, sendo a poboación destinataria o alumnado de ESO e adaptándose perfectamente á temporalización prevista. Esta acción quedou totalmente cuberta coa publicación de dita guía.



Non temos constancia da realización do *obradoiro de habilidades de comportamento asertivo dentro da programación de actividades extraescolares* dirixido ao alumnado.

Os obradoiros de educación afectivo sexual, foron desenvolvidos mediante o *Programa Relacións Respectuosas sen xénero de dúbidas*, no que a Concellería de Igualdade inverteu 8 horas na formación da mocidade, administrando un cuestionario nos Centros de ensino e asociacións xuvenís sobre as crenzas sexistas e a xustificación da violencia de xénero.

Por último a acción *creación e mantemento dun espazo de igualdade nas bibliotecas públicas*, non foi levada a cabo, non obstante, compre manifestar que periodicamente a Concellería de Igualdade envía materiais, publicacións propias e adquiridas, xogos, etc.

É preciso comentar a realización de dúas actividades que encadran perfectamente neste obxectivo de fomentar a igualdade nas relacións entre sexos, como son: a exposición permanente *O Planeta da Igualdade* instalada no Museo Verbum e a exposición itinerante *Imaxina e comparte máis*. A primeira organizada pola Concellería de Igualdade en colaboración co Proxecto Conta con Elas e o Verbum, recolle contidos relativos á igualdade de oportunidades, a segunda, organizada polo Proxecto Conta con Elas, difunde contidos sobre a asignación diferencial de roles e tarefas así como a situación laboral das mulleres.

Analizando o grado de execución das accións realizadas para a consecución deste obxectivo podemos afirmar que o 62,5% da accións foron desenvolvidas mediante actividades que se axustaron ao obxectivo formulado, á poboación destinataria e a temporalización prevista.



O quinto obxectivo proposto⁸, foi implementado pola Concellería de Igualdade a través das accións: Edición dos concursos visibilización da muller no ámbito público e visibilización do home no ámbito privado. Respecto destes concursos compre destacar a baixa participación dos Centros escolares, durante o curso escolar 2006/2007 só dous participaron. Consideramos que é unha baixa participación se temos en conta o número de centros existentes na cidade. No curso escolar seguinte, esta acción foi incluída no programa de incentivos para promover accións e/ou programas en igualdade de oportunidades e a eliminación de elementos de discriminación sexista por adecuarse perfectamente tanto a esta acción como ao obxectivo formulado.

Unha vez analizada a implementación do Plan nesta área, podemos comprobar a correspondencia entre os obxectivos e accións deseñadas e as actividades realizadas, entre todas existe unha gran coherencia e correspondencia.

Para concluír, afirmar que esta área presenta un alto grado de implementación, tal e como se reflicte no gráfico 3, xa que o 79% das accións deseñadas foron executadas. Non obstante, queremos destacar que foi sobre a Concellería de Igualdade sobre quen recaeu o maior peso do desenvolvemento de ditas accións, compre pois un esforzo de coordinación das distintas áreas municipais, especialmente a de Educación, así como unha maior implicación dos Centros Escolares na posta en práctica das accións deseñadas que non obtiveron a resposta desexada.

⁸ Promocionar traballos de investigación e a reflexión sobre as relacións entre os xéneros






Gráfico 3.
Implementación da área de Coeducación

4.1.2. Conclusións da área de Coeducación nas institucións educativas: Familia e escola

Para a execución desta área foron levadas a cabo accións que tiñan como finalidade a sensibilización e formación das distintas institucións educativas -familia e escola-, sen esquecer a importancia da sensibilización de toda a sociedade, pois deles depende que se manteñan estereotipos transmitidos durante séculos que forman parte dunha cultura patriarcal, ou dar lugar a unha nova concepción do xénero que parte da realidade social. Unha vez analizada a implementación, queremos establecer unha serie de conclusións en torno ás diversas accións deseñadas e as actividades realizadas.

- As accións deseñadas para esta área foron desenvolvidas mediante actividades que se adecuaron perfectamente aos obxectivos formulados, á poboación destinataria e na gran maioría dos casos á temporalización



prevista, o que nos permite inferir que presentan un alto grao de cumprimento.

- Fundamental é a coordinación coas distintas áreas municipais, especialmente coa de Educación para que o esforzo de desenvolvemento das accións non recaia maioritariamente na Concellería de Igualdade.
- Destacar o labor realizado polo Proxecto Conta con Elas para desenvolver determinadas accións, fundamentalmente as dirixidas á sensibilización educativa co obxectivo de diminuír a eliminación de estereotipos sexistas na elección profesional.
- Destacar a gran participación e implicación dos Centros educativos en moitas das accións deseñadas.
- A necesidade de elaborar estratexias que permitan a implicación dos centros escolares e do profesorado en determinadas actividades que non tiveron a participación desexada.
- A importancia de deseñar instrumentos de avaliación e seguimento das actividades, xa que resultou moi complicado e laborioso facer unha avaliación dalgunhas delas.
- Incluír ás persoas que participan na Educación de Adultas e Adultos como poboación destinataria na programación e realización de actividades.
- Establecer unha programación formativa estable dirixida á eliminación de estereotipos sexistas na Orientación Profesional, para poder contribuír



ao cambio de actitudes de alumnas e alumnos na elección das distintas opcións profesionais sen estar condicionados polos estereotipos de xénero.

- Destacar o éxito do Programa Camiña con Nós pola Igualdade, que debido a súa extensión, metodoloxía, materiais didácticos, cobertura, e estabilidade foi acollido e valorado moi positivamente polo alumnado e profesorado e supón unha moi boa intervención na sensibilización e formación en xénero e igualdade de oportunidades de nenas e nenos.
- Parécenos importante continuar coa formación do alumnado e profesorado en materia de coeducación coa finalidade de rachar cos estereotipos sexistas que reflicten os prexuízos da nosa sociedade, estereotipos e prexuízos que transmiten valores, normas e actitudes moi afastados da igualdade desexada.
- Consideramos necesario establecer unha formación máis continuada dirixida ás nais e pais na educación en igualdade de oportunidades como xeito de dar continuidade nas familias ao labor realizado nos Centros de Ensino.



4.2. CONCILIACIÓN: FAMILIA E CORRESPONSABILIDADE DOMÉSTICA

4.2.1. Nivel de cumprimento dos obxectivos: dificultades e apoios

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS	ACTIVIDADES
Sensibilizar á poboación en xeral na necesidade e beneficios da conciliación da vida persoal, laboral e familiar	Campañas de difusión en prol da conciliación e asunción de responsabilidades no ámbito familiar	- Vivir en parella é cousa de 2
	Tratamento transversal da conciliación en todas as accións da área de promoción da igualdade no mercado laboral	- Proxecto Conta con Elas
	Cursos para a igualdade de trato: afectividade, respecto mutuo e asertividade	- Como podo entenderte - Como mellorar a comunicación co outro sexo
Promover adquisición de habilidades, coñecementos e actitudes en homes e mulleres, capacitando para o desenvolvemento de responsabilidades familiares e traballos propios do ámbito doméstico	Cursos de corresponsabilidade con distintas especialidades: cociña, fogar e limpeza, cuidados e atención na infancia, reparacións eléctricas básicas, fontanaría básica, mantemento do vehículo...	- Os cuidados que a túa roupa necesita - Reparacións domésticas básicas - Cociñar é compartir - O cuidado das persoas dependentes - Emerxencias, que facer? - Os cuidados da infancia - Electricidade na vivenda - Supervivencia doméstica para adolescentes
Dotar de maiores recursos ao Concello para a atención de menores e persoas dependentes	Impulsar dentro das áreas municipais os recursos para a atención de menores e persoas dependentes	- Escola Infantil de Saiáns - Comedores escolares - Actividades extraescolares - SADI - Centro de Día Atalaia en Teis - Servizo axuda a domicilio



OBJECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS	ACTIVIDADES
Informar e asesorar á poboación en materia de conciliación da vida persoal, laboral e familiar: recursos, programas e lexislación	Aplicar módulos de formación <i>Conciliar e desculpabilizar</i> dentro do <i>Programa municipal Eu tamén sei</i>	Non foi realizada
	Campaña informativa dos servizos e recursos públicos existentes no contexto para a conciliación: SADI, escolas infantís, centros de día, servizos de axuda no fogar...	- Axendas - Folletos - Nova Web - Servizo xurídico on-line
	Módulos A Conciliación: perspectiva legal, laboral e social a impartir ou subvencionar en cursos e xornadas de formación	- XI Encontro Sindical: Camiñar pola Igualdade - A Conciliación - Conciliación da vida laboral e familiar: Mulleres empresarias e directivas - As desigualdades de xénero no fogar - O reparto do traballo entre mulleres e homes
	Bancos do Tempo	- Banco da Federación Veciñal - Banco do C.C.R. Valadares

Táboa 6.
Execución do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes no área de Conciliación: Familia e Corresponsabilidade doméstica

Para a área de Conciliación: Familia e Corresponsabilidade doméstica, como podemos observar na táboa 6, foron formulados catro obxectivos específicos e nove accións que foron desenvolvidas en varias actividades, agás a 4.1. que non foi realizada.



Para o primeiro obxectivo⁹, foron deseñadas tres accións. A *realización de campañas de difusión en prol da conciliación e asunción de responsabilidades no ámbito doméstico* foi executada pola Concellería de Igualdade mediante o Programa *Vivir en parella é cousa de 2* a través de cinco campañas publicitarias. Como podemos comprobar esta actividade presenta un alto grado de estabilidade xa que foi cumprimentada durante todo o período de vixencia do Plan. É preciso comentar que nos parece moi adecuada a orientación da campaña e o seu lema *Vivir en parella é cousa de 2*, identificando con claridade a idea de que as responsabilidades domésticas e familiares afectan a toda a sociedade, porque moitas veces podemos atoparnos coa mensaxe implícita de que as responsabilidades domésticas e familiares pertencen ás mulleres e que a sociedade debe contribuír á eliminalas.

A segunda acción, tratamento transversal da conciliación en todas as accións da área de promoción da igualdade no mercado laboral, comentar que, o tratamento da conciliación e a corresponsabilidade así como a xestión dos tempos, estivo incluída en todas as accións formativas e materiais elaborados de xeito transversal no Proxecto *Conta con Elas*.

A terceira acción proposta, cursos de igualdade de trato: efectividade, respecto mutuo e asertividade, foron realizados a través dos programas *Vivir en parella é cousa de 2* e *Mollémonos*. O camiño elíxeo ti, no que se empregaron 175 horas de formación e participaron 112 mulleres e 28 homes nos cursos: Como podo entenderte e Como mellorar a comunicación co outro sexo. Temos que destacar que esta acción estaba prevista para ser executada no ano 2006, non obstante, desenvolveuse ao longo dos tres anos.

⁹ Sensibilizar a poboación en xeral na necesidade de beneficios da conciliación da vida persoal, laboral e familiar



Como podemos apreciar, a realización das accións formuladas para este obxectivo foron desenvolvidas adecuadamente, presentando todas elas continuidade no tempo, adecuándose á temporalización prevista e a poboación destinataria, e abarcando un número importante de persoas participantes, polo que podemos afirmar un alto grao de cumprimento.

O segundo obxectivo¹⁰ desta área, recollía unha única acción de *cursos de corresponsabilidade con distintas especialidades: cociña, fogar e limpeza, coidados e atención na infancia, reparacións eléctricas básicas, fontanería básica e mantemento do vehículo* que foi desenvolvida mediante a convocatoria de cursos de distintas especialidades do Programa *Vivir en parella é cousa de 2* , dos que temos constancia que foron invertidas un total de 6.488 horas e nas que participaron 248 mulleres e 141 homes. Estes cursos foron organizados de xeito estable pola Concellería de Igualdade segundo estaba previsto no Plan e se axustaron perfectamente á poboación destinataria. Tamén se desenvolveron cursos destas especialidades dentro do Programa *Eu tamén sei e Mollémonos. O camiño elíxelo ti* . É preciso destacar o importante labor realizado desde a Concellería de Igualdade en manter esta formación con dúas convocatorias anuais.

Despois da análise destes datos, podemos concluír que este obxectivo presenta un alto grao de cumprimento, xa que para dar cobertura a acción deseñada, realizouse unha gran inversión de horas de formación, implicando a un número importante de participantes que se adecuaron á poboación destinataria e a temporalización contemplada. Con respecto ás persoas participantes é preciso mencionar que o 36,2% foron homes, o que parece indicar como unha parte deles, están dispostos a formarse para poder levar a cabo adecuadamente o desenvolvemento das responsabilidades domésticas e familiares.

¹⁰ Promover a adquisición de habilidades, coñecemento e actitudes en homes e mulleres, capacitando para o desenvolvemento de resonsabilidades familiares e traballos propios do ámbito doméstico.



O terceiro obxectivo¹¹, tamén presenta unha única acción, impulsar dentro das áreas municipais os recursos para a atención de menores e persoas dependentes. O desenvolvemento desta acción na atención de menores concretouse na apertura dunha Escola infantil, na firma dun convenio para establecer o servizo de comedor nos Centros Escolares e a realización de actividades extraescolares, así como no Servizo de Atención Domiciliaria á infancia no que se inverteron durante os tres anos de vixencia do Plan, un total de 26.120 horas na atención a nenas e nenos e das que se beneficiaron 213 mulleres. Respecto aos recursos de atención a maiores púxose en marcha o Centro de Día Atalaia de Teis que dispón de 40 prazas e duplicouse o Servizo de Axuda a domicilio.

Como pode apreciarse, da información aportada despréndese: que durante a vixencia do Plan aumentaron as posibilidades educativas de nenas e nenos de 0 a 3 anos, incrementouse nun 40% o orzamento do Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia, xeneralizouse o servizo de comedor e de realización de actividades extraescolares, e ampliáronse os servizos dirixidos ás persoas maiores, polo que podemos afirmar o bo grao de cumprimento deste obxectivo.

O último obxectivo¹² contempla catro accións a desenvolver. A primeira, aplicar módulos de formación: Conciliar é desculpabilizar dentro da programación municipal Eu tamén sei, da que temos que comentar que non foi levada a cabo.

A segunda acción, campaña informativa dos servizos e recursos públicos existentes no contexto para a conciliación: SADI, escolas infantís, centros de día, servizos de axuda no fogar, foi realizada mediante diversos soportes

¹¹ Dotar de maiores recursos ao Concello para a atención de menores e persoas dependentes.

¹² Informar e asesorar á poboación en materia de conciliación da vida persoal, laboral e familiar: recursos, programas e lexislación.



informativos: folletos dos servizos, axendas, nova páxina web da Concellería de Igualdade a través da que se pode acceder aos servizos municipais especializados e ao novo servizo de consulta xurídica on-line. Esta acción estaba prevista que se executara en coordinación coa Concellería de Educación e Asuntos Sociais, pero finalmente, foi executada en exclusiva pola Concellería de Igualdade.

A acción módulos a conciliación: perspectiva legal, laboral e social a impartir ou subvencionar en cursos e xornadas de formación, foi desenvolvida a través da convocatoria de subvencións ás asociacións e conferencias do Programa *Vivir en parella é cousa de 2*, das que podemos afirmar que se realizaron sete accións formativas dirixidas a sindicatos, mulleres empresarias e directivas, asistentes a cursos de corresponsabilidade e poboación xeral. Esta acción contemplaba como organismos responsables á Concellería de Igualdade e a Área de Desenvolvemento Económico e Emprego, non obstante, foi a primeira a responsable do seu desenvolvemento.

Respecto da acción, Banco do Tempo, executada polo Proxecto *Conta con Elas*, constatamos que foron creados dous Bancos do Tempo, un deles na Federación Veciñal Eduardo Chao constituído con cinco secretarías e outro no Centro Cultural de Valadares cunha secretaría, contando a finais do ano 2007 con 92 persoas socias entre ambas. A poboación destinataria establecida no Plan eran as mulleres, non obstante, ampliouse tamén aos homes.

Si analizamos as accións deseñadas para a consecución deste obxectivo, podemos comprobar que as actividades formuladas para o desenvolvemento das mesmas foron adecuadas e todas contribuíron ó desenvolvemento deste obxectivo.






Gráfico 4.
Implementación da área de Conciliación

Para concluír, salientar que as actividades levadas a cabo, responden ás accións deseñadas e presentan correspondencia cos obxectivos formulados. Se atendemos ao gráfico 4 observamos que esta é a segunda área que presenta maior grao de implementación (89%) e para a súa execución, unha parte importante das accións foron levadas a cabo pola Concellería de Igualdade, para outras, contou co apoio do Proxecto *Conta con Elas*, da Concellería de Educación e da Concellería de Servizos Sociais.

4.2.2. Conclusións da área de Conciliación: Familia e Corresponsabilidade doméstica

Durante a execución desta área foron abordadas actividades que ían dirixidas a fomentar o equilibrio no reparto de responsabilidades domésticas e traballo reprodutivo, así como no mantemento e creación de servizos e recursos que faciliten compatibilizar a vida persoal, familiar e laboral. Unha vez analizada a implementación desta área e comprobado o grao de consecución queremos plasmar algunhas conclusións.



Destacar que todas as actividades desenvolvidas nesta área, axustáronse perfectamente ás accións e obxectivos formulados, á poboación destinataria e á temporalización prevista para a súa execución polo que podemos afirmar que presenta un alto grao de cumprimento.

Resaltar o adecuado enfoque da Campaña publicitaria *Vivir en parella é cousa de 2*, xa que identifica claramente a idea de que as responsabilidades domésticas e familiares afectan a toda a sociedade e non exclusivamente ás mulleres.

Os cursos de coresponsabilidade de distintas especialidades do Programa *Vivir en parella é cousa de 2*, dirixidos aos homes, ás mulleres e os mixtos, foron un éxito tanto polos contidos como pola gran demanda e participación presentada. Consideramos que son unha boa medida de sensibilización e formación orientada a fomentar a coresponsabilidade e a eliminación de estereotipos de xénero, implicando aos homes na adquisición de habilidades de coidado, realización de tarefas e de asunción de responsabilidades familiares, e por outro, fomentando nas mulleres a adquisición de habilidades básicas relacionadas co mantemento do fogar e do automóbil, para deste xeito contribuír a un cambio nas prácticas do tradicional reparto das tarefas domésticas e responsabilidades familiares.

Con respecto ás persoas participantes nos cursos do Programa *Vivir en parella é cousa de 2*, é preciso mencionar que o 36,2% foron homes, o que parece indicar como unha parte deles, están dispostos a formarse para poder levar a cabo adecuadamente o desenvolvemento das responsabilidades domésticas e familiares.



Sinalar que foron destinadas 6.681 horas de formación para fomentar a conciliación da vida laboral e familiar e a corresponsabilidade nas que participaron 480 mulleres e 219 homes durante os anos de vixencia do Plan.

Respecto dos servizos e recursos de atención á infancia, pensamos que se poderían ampliar incrementando o número de Escolas Infantís e coa apertura anticipada dos colexios como xeito de facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral de nais e pais.

Resaltamos a necesidade de establecer unha correcta coordinación entre as distintas áreas municipais para que departamentos responsables colaboren no desenvolvemento das accións deseñadas, e deste xeito, a responsabilidade de implementación das medidas do Plan non recaia maioritariamente na Concellería de Igualdade.

4.3. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO MERCADO LABORAL

4.3.1. Nivel de cumprimento dos obxectivos: dificultades e apoios

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS	ACTIVIDADES
1. Coñecer a realidade do mercado laboral de Vigo con perspectiva de xénero	1.1. Diagnósticos de Igualdade de Oportunidades nas empresas	- 7 diagnósticos
	1.2. Deseño de instrumentos específicos de recollida de información cuantitativa e cualitativa desagregada por sexos de aplicación ás distintas accións do Plan Municipal de Emprego	- Base de datos desagregada por sexo



OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS	ACTIVIDADES
<p>2. Concienciar a persoal de entidades públicas e privadas que interveñen no mercado laboral da importancia de introducir o principio de igualdade</p>	<p>2.1. Edición e difusión dunha guía de beneficios empresariais na aposta pola igualdade de oportunidades</p>	<p>- Guía Medidas de Igualdade nas empresas</p>
	<p>2.2. Baremo de requisitos para outorgamento dun distintivo de calidade igualitaria.</p>	<p>Non foi realizada</p>
	<p>2.3. Difusión e publicidade das boas prácticas nas empresas do contexto a través de medios de comunicación social</p>	<p>- Anuncios prensa - Díptico - Cartas</p>
	<p>2.4. Acción de formación sobre a incorporación do principio de igualdade de oportunidades na negociación colectiva e nos convenios laborais</p>	<p>Encontros Sindicais: - As mulleres e a negociación colectiva - Camiñar pola Igualdade - Sindicalismo feminino, logros e retos</p>
	<p>2.5. Formación en igualdade de oportunidades e perspectiva de xénero con seguimento e titorización posterior.</p>	<p>- Igualdade de Oportunidades no ámbito laboral - Políticas de igualdade entre mulleres e homes, logros e desafíos. - Conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Enfoques sobre vellos problemas - As políticas familiares e a conciliación - Igualdade de xénero e Administracións Públicas</p>



OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS	ACTIVIDADES
3. Desenvolver accións positivas en institucións públicas e privadas do mercado laboral de Vigo para a eliminación das distintas formas de discriminación	3.1. Programa de orientación laboral non sexista	- Servizo de Orientación Laboral
	3.2. Deseño e posta en práctica de plan de formación adaptada ás necesidades das traballadoras para combater a segregación vertical	- Competencias para o emprego en sectores masculinizados - Guía competencias para o emprego desde a perspectiva de xénero - Implantación de habilidades directivas - O talento directivo. Igualdade de oportunidades
	3.3. Incluír cláusulas sociais nos baremos de contratación con empresas ou outras entidades obxecto de adxudicación pública na administración local	Non foi realizada
	3.4. Campaña de publicidade sobre diversificación profesional	- Feiras: SICO, NAVALIA, TURNAUTICA E ERNOVA - Bus da Igualdade - Anuncios prensa e radio
	3.5. Campaña informativa sobre as discriminacións da muller no traballo: acoso sexual, discriminación salarial, imposto reprodutivo...	- Guía sobre a discriminación laboral - Espazo web - Anuncio bus urbano

Táboa 7.
Execución do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes no área de Promoción do Mercado Laboral

Na área de Promoción da Igualdade no Mundo Laboral propóñense tres obxectivos específicos e doce accións que a continuación comentamos como foron desenvolvidas.



Para o primeiro obxectivo¹³ foron formuladas dúas accións, a primeira, Diagnósticos de Igualdade de Oportunidades nas Empresas, consistiu na elaboración de sete diagnósticos en empresas metal-automoción, servizos e industria que nos permiten analizar o grado de igualdade existente nas empresas. Non obstante é preciso subliñar, tendo en conta o escaso número de diagnósticos realizados, a dificultade que presenta establecer contactos e mantelos durante un período mínimo de tres meses para a elaboración dos diagnósticos. As empresas que realizaron os diagnósticos son: GKN driveline (metal-automoción), GOC (Servizos), Denso (industria), Radio Vigo (Servizos), Uniprovigo (Servizos), Aludec (metal-automoción), Gestamp Vigo S.A. (metal-automoción)

Para a segunda acción, deseño de instrumentos específicos de recollida de información cuantitativa e cualitativa desagregada por sexos, de aplicación ás distintas accións do Plan Municipal de Emprego (PME), elaborouse unha base de datos dos distintos programas municipais desagregada por sexos para a recollida da información cualitativa e cuantitativa que permitía mensualmente elaborar os indicadores de participación.

Unha vez analizada a información anterior temos que comentar que as actividades deseñadas se adaptaron adecuadamente ás accións e ao obxectivo formulado, axustándose á temporalización prevista e á poboación destinataria. Para o cumprimento deste obxectivo a Concellería de Igualdade contou co apoio do Área de Desenvolvemento Económico e Emprego e o Proxecto Conta con Elas, o que nos permite afirmar que a súa implementación foi levada a cabo tal e como se contemplaba no Plan.

¹³ Coñecer a realidade do mercado laboral de Vigo con perspectiva de xénero.



No segundo obxectivo¹⁴, son enunciadas cinco accións. Respecto da, Edición e difusión dunha guía de beneficios empresariais na aposta pola igualdade de oportunidades, destacar que tivo como función, servir de guía práctica ás empresas para observar o grao de igualdade existente nas mesmas. Compre subliñar o nivel de satisfacción mostrado polas empresas con esta guía.

Sobre o Baremo de requisitos para o outorgamento dun distintivo de Calidade igualitaria temos que comentar que non foi levada a cabo, non obstante, compre subliñar que o Proxecto Conta con Elas emitiu ás empresas que realizaron diagnósticos, un certificado de colaboradoras en materia de igualdade de oportunidades.

A difusión e publicidade das boas prácticas nas empresas do contexto a través de medios de comunicación social, foi desenvolvida polo Proxecto Conta con Elas e difundida nos tres periódicos de maior tirada da localidade e a través da edición e difusión do díptico informativo unha empresa con perspectiva de futuro.

As accións de formación sobre a incorporación do principio de igualdade de oportunidades na negociación colectiva e nos convenios laborais, tiveron como obxectivo afondar na importancia e necesidade de contemplar as cuestións de xénero na negociación no ámbito laboral. Desenvolvéronse mediante encontros sindicais e xornadas que trataron sobre as discriminacións directas e indirectas na negociación colectiva e nos convenios laborais, nas que se investiron 36 horas de formación participando 86 mulleres e 15 homes.

Consideramos que sería importante unha maior implicación e participación dos homes nestas accións formativas, xa que son eles os que están nas mesas de

¹⁴ Concienciar a persoal de entidades públicas e privadas que interveñen no mercado laboral da importancia de introducir o principio de igualdade.



negociación colectiva. Esta acción foi executada pola Concellería de Igualdade e o Proxecto Conta con Elas.

A formación en Igualdade de Oportunidades e perspectiva de xénero con seguimento e titorización posterior, foi desenvolvida polo Proxecto Conta con Elas mediante a realización de dous cursos de formación en igualdade de oportunidades no ámbito laboral de 50 horas de duración no que participaron 108 mulleres e 7 homes. Unha vez introducida esta materia dentro do Plan de Formación do Concello, salienta a imposibilidade de levalas a cabo por falla de demanda. Consideramos fundamental a implicación do persoal municipal na formación nesta materia.

Da análise anterior podemos inferir que das cinco accións deseñadas, catro foron desenvolvidas mediante actividades que se adecuaron perfectamente ao obxectivo formulado, adaptándose ao cronograma e a poboación destinataria prevista. A execución da maioría destas accións recaeu no Proxecto Conta con Elas, excepto a de formación sobre incorporación de igualdade de oportunidades nos convenios colectivos que tamén foi desenvolvida pola Concellería de Igualdade, polo que podemos concluír que a súa implementación foi realizada segundo estaba prevista no Plan.

O terceiro obxectivo¹⁵, propón cinco accións a desenvolver para a súa consecución. A acción, Programa de orientación laboral no sexista., temos que comentar que desde o Servizo de Orientación Laboral, é deseñado un itinerario ocupacional libre de estereotipos sexistas. Como exemplo destacar o alto porcentaxe de mulleres derivadas aos distintos programas municipais en sectores considerados tradicionalmente masculinos como son: a Escola Mar de Vigo III con especialidade en profesións relacionadas coa actividade

¹⁵ Desenvolver accións positivas en institucións Públicas e Privadas do mercado laboral de Vigo para a eliminación das distintas formas de discriminación.



mariña; Vigozoo III con especialidade en construción, carpintería e fontanaría ou o BIAL na realización de obras e servizos de interese municipal. etc.

Respecto do deseño e posta en práctica de plans de formación adaptados ás necesidades das traballadoras para combater a segregación vertical, destacar que a través de distintas accións formativas realizadas polo Proxecto Conta con Elas, investíronse 260 horas en formar a 92 mulleres traballadoras para achegalas profesionalmente á dirección e cargos de responsabilidade nas empresas. A través desta acción tratouse de visibilizar os obstáculos, normalmente ocultos, que fan que non se recoñeza a mesma capacidade de liderazgo a mulleres e homes.

A inclusión de cláusulas sociais nos baremos de contratación con empresas ou outras entidades obxecto de adxudicación pública na Administración local, non temos constancia de que fora levada a cabo.

No que atinxe á campaña de publicidade sobre diversificación profesional, temos que comentar que para esta acción o Proxecto Conta con Elas empregou dous procedementos de sensibilización e divulgación da necesidade de diversificación profesional: unha dirixida ao empresariado e outra, a cidadanía. Con respecto a primeira, cumprimentouse mediante a presenza dun stand en 4 feiras sectoriais nas que participan empresas fundamentalmente relacionadas con sectores tradicionalmente considerados masculinos. A segunda, dirixida á cidadanía, levouse a cabo a través de diversos medios: O Bus da Igualdade, de carácter continuo e itinerante durante os dous anos de duración do Proxecto, e mediante cuñas publicitarias na radio e prensa e a publicación dun calendario sobre a visibilización das mulleres en sectores masculinizados. Como podemos observar a publicidade sobre diversificación profesional foi unha acción estable e continua durante o período de vixencia do Plan.



Por último a campaña informativa sobre as discriminacións da muller no traballo: acoso sexual, discriminación salarial, imposto reprodutivo, desenvolvida pola Concellería de Igualdade mediante a creación dun espazo web, anuncios no autobús urbano e a difusión dunha guía con información sobre os dereitos laborais das traballadoras como premisa básica para a consecución da igualdade laboral. Porque a pesar de que a lexislación prohíbe expresamente a discriminación directa, son múltiples as discriminacións indirectas que as mulleres atopan no mundo laboral.

Para a o cumprimento deste terceiro obxectivo o Plan contemplaba cinco accións das que se realizaron catro, todas elas encamiñadas a desenvolver accións positivas para a eliminación das distintas formas de discriminación. A execución desta accións foi realizada polo Servizo de Orientación Laboral (SOL), o Proxecto Conta con Elas e a Concellería de Igualdade.




Gráfico 5.
Implementación do área do Mercado Laboral



Para concluír, analizando as actividades desenvolvidas nesta área podemos manifestar que todas se adecúan as accións e responden aos obxectivos enunciados, á poboación destinataria e a temporalización prevista. Esta é a terceira área que presenta maior porcentaxe de implementación (83%) como podemos observar no gráfico 5, xa que das doce accións formuladas, só dúas non foron executadas, unha delas, incluír cláusulas sociais nos baremos de contratación con empresas ou entidades adxudicadas pola Administración Local, xa que a súa execución dependía da vontade política de incluír ditas cláusulas, de novo temos que manifestar a necesidade de implicación do persoal político, sen isto, non é posible acadar a igualdade de oportunidades. É preciso destacar o labor realizado polo Proxecto Conta con Elas nesta área, xa que foi o responsable da execución do 58,3% das accións.

4.3.2. Conclusións da área de Promoción da Igualdade no Mercado Laboral.

Esta área tiña como finalidade fundamental fomentar a participación equitativa de homes e mulleres no mercado laboral, e para levar a cabo esta acometida, como primeiro paso propúxose a necesidade de coñecer a realidade do mercado laboral da nosa cidade desde unha perspectiva de xénero e concienciar ás entidades e organismos que interveñen no mercado laboral da importancia e necesidade de incluír o principio de igualdade de oportunidades mediante o desenvolvemento de accións positivas que contribúan a eliminación das distintas formas de discriminación, porque aínda que a lexislación prohíbe expresamente dita discriminación, son múltiples as discriminación indirectas presentes no mercado laboral. Da análise da implementación desta área imos a expoñer algunhas conclusións.



- Comprobar como as actividades realizadas para a execución desta área foron desenvolvidas mediante actividades que se axustaron perfectamente aos obxectivos formulados, a poboación destinataria e a temporalización prevista, o que nos permite afirmar que presentan un bo cumprimento dos obxectivos.
- Destacar a importancia da acción Diagnósticos de Igualdade de Oportunidades nas empresas, xa que por un lado supuxo, unha importante medida de toma de contacto e sensibilización co empresariado con accións innovadoras que procuraron un cambio efectivo na percepción sobre as profesións e tarefas que as mulleres poden desenvolver no mercado laboral, e por outro, permitiron coñecer a situación do cadro de persoal en distintos niveis de sete empresas. Aínda que o número de diagnósticos é baixo, compre destacar, a dificultade que comporta acceder ás empresas e manter dito contacto durante un tempo aproximado de tres meses para realizar os diagnósticos.
- Resaltar a pertinencia da elaboración e difusión da guía sobre os beneficios empresariais na aposta pola igualdade de oportunidades, como material que incide na inclusión da perspectiva de xénero na organización da empresa, apostando por novas formas de organización empresarial que permita corrixir as situacións de desequilibrio entre mulleres e homes.
- Destacar a importancia das accións formativas sobre a incorporación da igualdade de oportunidades na negociación colectiva e nos convenios laborais, xa que a negociación colectiva é o instrumento fundamental de regulación das condicións de traballo e das relacións laborais, e polo tanto debe ser un instrumento clave para a igualdade laboral de homes e



mulleres. É necesario continuar e impulsar esta vía formativa debido a súa importancia como instrumento básico para eliminar as discriminacións das mulleres no ámbito laboral.

- Son fundamentais as accións dirixidas a combater a segregación vertical das mulleres traballadoras como xeito de que se recoñeza a mesma capacidade de liderazgo a mulleres e homes en igualdade de condicións, eliminando o chamado “teito de cristal”
- Sinalar tamén a aposta realizada no Plan Municipal de Emprego por incluír como criterio transversal a igualdade de oportunidades, considerando ás mulleres como colectivo prioritario, sobre todo ás que presentan especiais dificultades de inserción no mercado do traballo.
- Comentar importancia de implicación dos traballadores e traballadoras municipais coa igualdade de oportunidades porque deles depende que a cuestión de igualdade de xénero se integre no funcionamento diario da Administración Local.
- Resaltar o importante labor realizado polo Proxecto Conta con Elas nesta área, sendo o executor do 58,3% das accións.



4.4. PROMOCIÓN DE HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES

4.4.1. Nivel de cumprimento dos obxectivos: dificultades e apoios

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNES	ACTIVIDADES
1. Informar a mulleres acerca da detección precoz de enfermidades prevalentes e problemas relacionados coa súa saúde	1.1. Programación de obradoiros preventivos a prol da saúde	<ul style="list-style-type: none"> -Información e asesoramento detección precoz: 3 obradoiros -Información sobre enfermidades derivadas dos roles de xénero: 4 obradoiros -Auto observación e coñecemento do propio corpo: 21 obradoiros. - Educación sexual: 3 obradoiros -Hábitos de vida saudables: 39 obradoiros -A imaxe e trastornos da alimentación: 1 obradoiro -Os riscos laborais: 1 obradoiro -Coidar a quen coida: 1 obradoiro -Primeiros auxilios: 3 obradoiros
	1.2.Campañas informativas en colaboración con Asociacións e outras administracións públicas	<ul style="list-style-type: none"> -Exposición: Día Mundial da Saúde - Exposición: Saúde e calidade de vida na muller - Calendario: Muller no ano 2007...mellora a túa calidade de vida
2. Proponer mecanismos que permitan acadar cotas de participación paritaria de mulleres e homes nas institucións deportivas e na práctica de deportes.	2.1. Formación en Igualdade de Oportunidades para asociacións, federacións e clubs deportivos de Vigo	<ul style="list-style-type: none"> - Charla: Mulleres sobresaíntes no deporte feminino - Charla: Segundo tempo en feminino - Vídeo Forum: Deporte feminino - Charla: Mulleres deportistas, a montaña invisible.



3. Establecer accións concretas que incidan na eliminación de estereotipos relacionados co xénero no ámbito deportivo.	3.1. Deseño e difusión dunha guía que promova a posta en práctica de medidas de acción positivas nas entidades deportivas	- Guía de Boas prácticas deportivas igualitarias
	3.2. Na adxudicación de subvencións primarase a aquelas entidades deportivas que leven a cabo medidas de acción positiva	- Convocatoria de subvención do ano 2007
	3.3. Apoio ás entidades deportivas que promovan a participación das mulleres en deportes masculinizados	- Apoio e promoción do fútbol feminino - Colaboración coa Regata feminina de traíñas.
	3.4. Mellora das infraestruturas deportivas para facilitar a participación de mulleres no deporte.	- Axudas e subvencións para mellora e acondicionamento das instalacións deportivas

Táboa 8.
Execución do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes no área de Promoción de hábitos de vida saudables.

Para o desenvolvemento desta área, o Plan contemplaba dous obxectivos xerais e tres obxectivos específicos a desenvolver en sete accións, que se executaron a través de diversas actividades formativas encamiñadas a promover hábitos de vida saudables nas mulleres como xeito de mellorar a súa calidade de vida, así como promover a participación das mulleres no deporte eliminando os estereotipos que dificultan o seu acceso.



Para o primeiro obxectivo¹⁶ propóñense dúas actuacións. Na primeira, programación de obradoiros preventivos a prol da saúde, concrétese na realización de 75 obradoiros dirixidos á promoción da saúde e educación sanitaria, que contemplan a saúde desde a esfera física, emocional e relacional co obxectivo de aumentar a conciencia sobre a propia saúde e potenciar os recursos persoais das mulleres, de xeito que lles permita ocuparse da súa saúde e afrontar os problemas específicos de cada etapa da súa vida, así como incrementar o seu benestar e calidade de vida. Estas accións formativas contaron coa participación de 1.700 mulleres aproximadamente e se investiron arredor de 2.000 horas.

Respecto das campañas informativas en colaboración coas asociacións e outras administracións públicas, a Concellería de Igualdade en colaboración coa Asociación Víguesa de Alcoholismo organizou dúas exposicións e unha mesa informativa sobre a saúde e calidade de vida da muller e sobre os riscos de beber alcohol durante o embarazo.

Como podemos observar, na descrición das actividades, todas se axustan as accións e obxectivo deseñado no Plan e foron realizadas segundo a poboación destinataria e a temporalización prevista.

Para acadar o desenvolvemento do segundo obxectivo¹⁷ a Concellería de Igualdade en colaboración coa Federación Veciñal Eduardo Chao, puxo en marcha o Proxecto Muller e Deporte co obxecto de establecer accións concretas que incidan na eliminación de estereotipos relacionados co xénero no ámbito deportivo. Para presentación e difusión de dito proxecto realizáronse 19 visitas a federacións e asociacións deportivas e equipos deportivos femininos veciñais.

¹⁶ Informar ás mulleres acerca da detección precoz de enfermidades prevalentes e problemas relacionados coa súa saúde.

¹⁷ Propoñer mecanismos que permitan acadar cotas de participación paritaria de mulleres e homes nas institucións deportivas e na práctica de deportes.



A acción formación en igualdade de oportunidades para asociacións, federacións e clubs deportivos de Vigo, cumprimentouse mediante catro actividades nas que participaron mulleres deportistas vinculadas ás distintas prácticas deportivas, algunhas delas consideradas moi maculinizadas. No que atinxe á participación, os datos aos que tivemos acceso nos permiten confirmar o número aproximado de 200 persoas vinculadas a asociacións deportivas, asociacións veciñais-deportivas e responsables da área de muller das asociacións. Temos que manifestar a imposibilidade de desagregar este dato por non dispoñer de dita información.

O terceiro obxectivo¹⁸ proposto contempla catro accións a desenvolver que se concretan na eliminación de estereotipos de xénero no ámbito deportivo.

O Deseño e difusión dunha guía que promova a posta en práctica de medidas de accións positivas nas entidades deportivas, tivo como finalidade sensibilizar ás entidades e clubs deportivos na promoción, participación e recoñecemento das nenas e mulleres nas diferentes prácticas deportivas. Resaltar a importancia da elaboración e difusión desta guía como instrumento de información e sensibilización das distintas entidades deportivas que permita a posibilidade de transformar as relacións de xénero desiguais existentes no mundo deportivo.

Na adxudicación de subvencións primárase a aquelas entidades deportivas que leven a cabo medidas de acción positiva, compre destacar a importancia desta acción positiva como mecanismo impulsor de medidas que fomenten a práctica deportiva de mulleres e máis especialmente as de marcado carácter masculino.

¹⁸ Establecer accións concretas que incidan na eliminación de estereotipos relacionados co xénero no ámbito deportivo.



Respecto do apoio ás entidades deportivas que promovan a participación das mulleres en deportes masculinizados, concretouse na firma dun convenio para a realización de actividades de apoio e promoción do fútbol feminino e na colaboración coa Regatas feminina de Traíñas.

Para a mellora de infraestruturas deportivas para facilitar a participación de mulleres no deporte, convocáronse subvencións que tiñan como finalidade a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas así como a adquisición de equipamentos deportivos. Sería recomendable ter datos sobre o número e tipo de melloras realizadas, pero non tivemos acceso a dito dato.

Aínda que non estaba contemplada no Plan, destacar a creación do espazo web Muller e Deporte que contén información sobre os falsos mitos e realidades do deporte, unha guía para nais e pais de nenas e nenos deportistas, axudas e subvencións en materia deportiva, e dous foros, un dirixido a xogadoras que buscan equipo e outro a equipos que buscan xogadoras.




Gráfico 6.
Implementación do área de Hábitos de vida saudable



A modo de conclusión, si analizamos o desenvolvemento desta área podemos manifestar que todas as actividades desenvolvidas se axustan ás accións deseñadas e responden aos obxectivos formulados, e foron executadas atendendo á poboación destinataria e a temporalización prevista no Plan. Como podemos observar no gráfico 6, esta é a área que presenta o nivel máis alto de implementación (100%). Para acadar este alto nivel de cumprimento, a Concellería de Igualdade contou coa colaboración de distintos axentes sociais como asociacións de mulleres, sindicatos, e a Federación Veciñal Eduardo Chao que xestionou o Programa Muller e Deporte así como coa Concellería de Deportes.

4.4.2. Conclusións da área de Promoción de hábitos de vida saudable.

Os obxectivos e accións desta área, estaban destinados á asunción de hábitos de vida saudables para mellorar a calidade de vida e a promoción da participación das mulleres no deporte, eliminando os estereotipos que impiden a súa participación mediante a aplicación de mecanismos que permitiran acadar unha maior cota de participación das mulleres nas entidades deportivas. A continuación expoñemos unha serie de conclusións sobre esta área.

- Comentar o importante labor formativo realizado para promover hábitos de vida saudable nas mulleres, así como a gran cantidade de mulleres que se beneficiaron dela. Destacar a conveniencia destes obradoiros destinados a favorecer e potenciar o autocuidado feminino, xa que neste sentido, as mulleres habitualmente se preocupan máis pola saúde das persoas próximas que pola propia saúde. Con respecto á avaliación destes obradoiros temos que comentar a dificultade que presentou a



súa avaliación, sería recomendable que para todas as actividades que se realizan se deseñara unha ficha tipo de memoria que recollera datos unificados que permitiran unha adecuada avaliación.

- Respecto dos obradoiros sobre educación sexual: prevención de ETS, planificación sexual, saúde sexual e relacións afectivo sexuais, consideramos que sería desexable que deran cobertura a unha maior poboación, xa que os que se realizaron durante a vixencia do Plan se centraron unicamente nas persoas con Síndrome de Down.
- Destacar a oportunidade de achegamento e sensibilización das entidades deportivas que supuxo a posta en marcha do Proxecto Muller e Deporte, mediante o que se realizaron actuacións dirixidas a eliminar estereotipos sexistas no ámbito deportivo e permitiu visibilizar ás mulleres nas distintas prácticas deportivas, aínda que consideramos, que a cobertura de poboación destinataria debería ser maior.
- Debemos mencionar como positiva, a inclusión de incentivos nas bases de subvencións destinadas a entidades para a realización de actividades que potencien o deporte feminino, en especial as relacionadas coa práctica de deportes tradicionalmente considerados masculinos. Non obstante, tendo en conta a importancia desta medida, si o que tratamos é cambiar o modelo da práctica deportiva de homes e mulleres, consideramos que as subvencións deberían estar tamén dirixidas a incentivar as actividades realizadas polos homes en deportes feminizados.
- É necesario realizar con maior exhaustividade a recollida de información das actividades que se implementan: número de persoas usuarias



desagregada por sexo; perfil das mesmas; contidos; etc. Ao tempo que se deben establecer unha serie de protocolos previos a aplicar durante a posta en práctica e seguimento das diversas actividades, desta forma se poderá dispoñer da información pertinente e necesaria para realizar a adecuada avaliación de futuros Plans de Igualdade de Oportunidades.



conclusionés e recomendacións:



conclusiones e recomendacións:

A continuación establecemos unha serie de conclusións nas que destacamos tanto as fortalezas como debilidades do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, así como as recomendacións de carácter xeral sobre as distintas intervencións.

- En liñas xerais observase un alto grao de axuste entre as temáticas elixidas para as actividades e a actualidade social, isto nos pode estar a indicar, que se está respondendo ás demandas, necesidades e preocupacións da poboación.
- A pesar de contar con limitados recursos humanos para levar a cabo a execución do 3º PIOMH, desenvolveuse unha alta porcentaxe de accións en todas as áreas de intervención. Moitas delas, -o Programa Camiña con nós pola Igualdade, Vivir en parella é cousa de 2, os Programas de Animación Sociocultural de Mulleres, a edicións de unidades didácticas a prol da igualdade de xénero- etc, presentan unha gran estabilidade e cobertura.
- Destacar que durante o proceso de implementación do Plan, leváronse a cabo un número importante de actividades que non estaban contempladas, pero que xurdiron como efecto do mesmo e do seu desenvolvemento.
- É imprescindible seguir insistindo no compromiso político da consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Compromiso, que como xa comentamos anteriormente, debe ser manifestado e explicitado polo órgano superior da toma de decisións da Administración Local e por cada uns dos Departamentos como xeito de garantir a aplicación do mainstreaming de xénero.



- A creación do Departamento de Igualdade de Oportunidades como órgano decisivo na orientación das políticas municipais para o fortalecemento dos procesos de igualdade de oportunidades, que velará non só por desterrar a discriminación, senón por fomentar a igualdade dende os diferentes departamentos municipais. Ao mesmo tempo, sería o organismo encargado da difusión do Plan entre todos os Departamentos implicados na súa execución, así como da súa coordinación e implementación.
- En canto ao grao de coordinación e colaboración doutras instancias públicas e privadas no desenvolvemento do Plan, evidéncianse grandes diverxencias en función da área. Ambas son imprescindibles para executar adecuadamente a implementación do Plan, de non ser así, o esforzo e responsabilidade recae fundamentalmente na Concellería de Igualdade provocando unha sobrecarga de traballo ao ter que asumir o papel de promotoras, provedoras de contidos e xestoras do Plan, o que dificulta unha adecuada sistematización e seguimento das actividades levadas a cabo, e como resultado dificulta a avaliación do Plan.
- Respecto dos organismos municipais responsables da implementación, destacar que, a excepción da Concellería de Igualdade, presentan un nivel de execución baixo, agás o Proxecto Conta con Elas, como mencionamos anteriormente, resulta imprescindible o compromiso e colaboración dos distintos Departamentos para mellorar esta situación.
- Para conseguir o cumprimento das medidas, o deseño do Plan debe contar con partidas orzamentarias das que carece e que deben ser contempladas en futuros Plans para a súa correcta e eficaz xestión e avaliación da súa eficiencia.



- As metodoloxías, obxectivos e contidos dos diversos programas, talleres, cursos, etc, en xeral parecen adecuados, non obstante, sería preciso un maior seguimento para valorar os seus contidos, así como, a satisfacción das persoas participantes nas diversas actividades.
- É necesario realizar con maior exhaustividade a recollida de información das actividades que se implementan: número de persoas usuarias desagregada por sexo; perfil das mesmas; contidos; etc. Ao tempo que se deben establecer unha serie de protocolos previos a aplicar durante a posta en práctica e seguimento das diversas actividades, desta forma se poderá dispoñer da información pertinente e necesaria para realizar a adecuada avaliación de futuros Plans de Igualdade de Oportunidades.
- Destacar a especial relevancia do Programa Camiña con Nós pola Igualdade, xa que debido a súa metodoloxía, contidos, materiais didácticos, cobertura e estabilidade, permitiu unha intervención escolar especialmente relevante encamiñada a superar os prexuízos sexistas e provocar un cambio nas estruturas e prácticas sociais non desexables, contribuíndo aos procesos de socialización do alumnado evitando as discriminacións sexistas.
- É necesario continuar coa formación do alumnado, profesorado, nais e pais en materia de xénero e igualdade de oportunidades coa finalidade de eliminar os estereotipos e prexuízos que transmiten valores, normas e actitudes que impiden a consecución da igualdade de oportunidades.
- Consideramos que sería importante contemplar a educación de adultas e adultos, como destinataria de formación en materia de igualdade de oportunidades.



- Resaltar a implicación do Proxecto con Elas na implementación do Plan, xa que desenvolveu o 92% das accións deseñadas, representando un apoio fundamental tanto na área de coeducación como na promoción do mercado laboral.
- Importantes tamén son as accións de carácter estable dirixido a eliminación de estereotipos sexistas na orientación profesional como instrumento para contribuír ao cambio de actitudes na elección profesional de nenas e nenos.
- Resaltar o gran acerto do Programa Vivir en parella é cousa de 2, como unha boa medida de sensibilización de homes e mulleres orientada a fomentar a corresponsabilidade e a eliminación de estereotipos de xénero no fogar, mediante a formación sobre distintas especialidades que permitan desenvolver adecuadamente as responsabilidades domésticas e familiares e contribuír ao cambio nos comportamentos que repercutirá en incrementar as cotas de benestar de toda a sociedade.
- Consideramos necesario continuar e incrementar a formación sobre a igualdade de oportunidades na negociación colectiva como instrumento clave da regulación das condicións de traballo e das relacións laborais non discriminatorias e máis igualitarias para mulleres e homes.
- Son fundamentais as accións dirixidas a combater a segregación vertical das mulleres traballadoras como xeito de que se recoñeza a mesma capacidade de liderazgo a mulleres e homes en igualdade de condicións, eliminando o chamado “teito de cristal”



- É importante a formación levada a cabo para fomentar hábitos de vida saudables nas mulleres así como a cobertura da mesma, non obstante, temos que comentar, que sería recomendable que nas futuras edicións, todas as actividades que se realicen se deseñe unha ficha tipo de memoria que recollera datos unificados que permitan unha adecuada sistematización que facilite a súa avaliación.
- Destacar a importancia do Programa Muller e Deporte como instrumento para visibilizar ás mulleres nas distintas prácticas deportivas e contribuír á eliminación dos estereotipos sexistas existentes no ámbito deportivo.
- Recomendar que nas bases de convocatorias de subvencións para actividades deportivas, ao igual que se incentivan ás entidades que potencien o deporte feminino, en especial os que se consideran tradicionalmente masculinos, se contemple incentivar tamén as actividades realizadas polos homes en deportes feminizados, para contribuír a cambiar o modelo de práctica deportiva de mulleres e homes.



www.igualdadevigo.org



Agredecementos:

Esta avaliación non sería posible sen a participación e colaboración das técnicas e técnicos dos distintos Departamentos Municipais e Programas implicados no desenvolvemento do Plan, Asociacións de Mulleres, Centros de Ensino e Representates Políticas.

Grazas a todas e todos.





concellería
de **igualdade**
concello de vigo

Oficina de Igualdade
Concello de Vigo
Praza do Rei, 1. 1º andar
36202 Vigo
Teléfono: 986 810 284 Fax: 986 430 082
e-mail: ofi.muller@vigo.org

www.igualdadevigo.org

